FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO
Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte
27003 Lugo
Teléfono: 982 240 241
Correo electrónico: galega@fegato.es
xuntaelectoral2026@fegato.es

DEPORTE GALEGO

PROCESO ELECTORAL 2026

ACTA DE TOMA DE POSESIÓN DO PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO

DATA: 16 de novembro de 2026
HORA: 16:30h
LUGAR: SEDE da FEGATO Avda Infanta Elena Casa do deporte 27003 Lugo (Secretaria Xunta Electoral e D. Julio Iglesias Rivas) // sesión telemática (Presidente Xunta Electoral)

COMPARECENTES:

- **D. JULIO RIVAS IGLESIAS**, con DNI nº 33851173ª A, en calidade de Presidente electo e proclamado definitivamente da Federación Galega de Tiro Olímpico.
- **D. SANTIAGO ALONSO DE LA PEÑA**, Presidente da Xunta Electoral da FEGATO.
- **DNA. PILAR VIDAL BARRIO**, Secretaria da Xunta Electoral da FEGATO, que dá fe e levanta a presente acta conforme ao artigo 24.14 do Regulamento Electoral.

EXPOSICIÓN E CONSTANCIA DO ACTO:

PRIMEIRO.- Antecedentes do proceso electoral.

Con data **12 de novembro de 2026**, a Xunta Electoral da Federación Galega de Tiro Olímpico acordou por unanimidade a **PROCLAMACIÓN DEFINITIVA** de **D. JULIO RIVAS IGLESIAS** como Presidente da Federación Galega de Tiro Olímpico para o período electoral 2026-2029, tras terse celebrado a sesión constitutiva da Asemblea Xeral Extraordinaria o pasado 07 de novembro de 2026 e terse esgotado os prazos regulamentarios sen reclamacións nin recursos.

SEGUNDO.- Toma de posesión do cargo de Presidente.

En cumprimento do disposto no **artigo 24.14 do Regulamento Electoral da FEGATO** visado pola Secretaría Xeral para o Deporte e na Fase VII, punto 6 do Calendario Electoral Oficial, no día de hoxe **D. JULIO RIVAS IGLESIAS** comparece ante o Presidente e a Secretaria da Xunta Electoral e declara formalmente aceptar e **TOMAR POSESIÓN EFECTIVA DO CARGO DE PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO**, prometendo ou xurando cumprir fielmente as obrigas inherentes ao devandito cargo con estrita suxeición á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, aos Estatutos da FEGATO e á restante normativa aplicable.

TERCEIRO.- Efectos orgánicos.

De conformidade co artigo 4.4 do Regulamento Electoral, coa toma de posesión dos órganos de goberno da Federación Galega de Tiro Olímpico enténdese extinguida a Comisión Xestora, asumindo D. Julio Rivas Iglesias a plena representación legal e institucional da FEGATO desde este momento.

FEDERACIÓN GALEGA DE TIRO OLÍMPICO
Avd. Infanta Elena, S/N-Casa de Deporte
27003 Lugo
Teléfono: 982 240 241
Correo electrónico: galega@fegato.es

DEPORTE GALEGO

PROCESO ELECTORAL 2026

xuntaelectoral2026@fegato.es

CUARTO.- Remisión á Secretaría Xeral para o Deporte e publicación.
En cumprimento do disposto no **artigo 24.14 do Regulamento Electoral**, remitirase copia autenticada da presente Acta á **Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia** (eleccions2026.deporte@xunta.gal) no prazo máximo de **dous (2) días hábiles**, ordenándose así mesmo a súa publicación no taboleiro de anuncios e na sección «Procesos Electorais» da páxina web oficial da FEGATO.
E para que así conste e produza todos os efectos legais oportunos, esténdese a presente acta que asinan os comparecentes no lugar e data arriba indicados.

ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A

Firmado digitalmente por ALONSO DE LA PEÑA SANTIAGO BENITO - 33266122A
Fecha: 2026.11.16 16:31:53 +01'00'

D. Santia Alonso de la Peña
VºBº OPresidente da Xunta Electoral

Dna. Pilar Vidal Barrio
Secretaria da Xunta Electoral

Asdo. D. Julio Rivas Iglesias
VºBº O Presidente da FEGATO